

NOITES ABERTAS pon en marcha a súa XI edición

Presentación oficial de Noites Abertas 2010 o 2 de febreiro ás 12,30h. no Local de Música onde se dará a coñecer a nova programación de actividades para o primeiro semestre do ano.

Un ano máis comeza o programa Noites Abertas que ofrece espazos de lecer e divertimento ao colectivo de mozos e mozas comprendido entre os 12 e os 30 anos, na cidade de Pontevedra. Este proxecto está apoiado novamente polo Plan Nacional sobre Drogas do **Ministerio de Sanidad y Política Social** cunha subvención de **50.427 €** que se vén a sumar a unha dotación municipal similar para este proxecto.

As actividades terán lugar nas fins de semana comprendidas entre o 5 de febreiro e o 29 de maio, e distribuiranse entre o Pavillón Multiusos da Xunqueira, a Casa Azul (rúa Sor Lucía, 2, 3º), o Colexio Froebel (rúa Xeneral Martitegui, 3), Pavillón Municipal e o Local de Música (ao lado da estación de trens), ademais doutros espazos urbanos ao aire libre como prazas e roteiros dos nosos ríos.

A oferta inclúe actividades deportivas, culturais, formativas e diversos obradoiros. Actividades que están organizadas e impartidas, maiormente, por mozos e mozas que presentaron as súas propostas tras a convocatoria aberta pola Concellaría de Xuventude no mes de outubro.

Nesta edición asistirán as asociacións Club CAFyD Pontevedra, Cine Club, Asociación Vaipolorío, Asociación Amencer, Comité CCANVIHAR, Asociación de Percusionistas OMAR, Asociación Sociocultural INZAR, Escola Hungaresa de Esgrima de Pontevedra, así como outros colectivos de mozos e mozas, e empresas encargadas de desenvolver parte das actividades.

Como novidade deste ano, subliñar o proceso de avaliación externa ao que será sometida a iniciativa, avaliación que contará coa participación activa de todas as persoas e colectivos implicados, así como dos propios participantes nas actividades.


Noites Abertas desenvolverase en 9 espazos da cidade cun total de 50 actividades diferentes e durante 16 fins de semana dende o 5 de febreiro ata o 29 de maio de 2010.

Na súa última edición o programa contou cunha media de 294 persoas por fin de semana, e acadou unha participación total de 4.409 mozos e mozas, ofertando unha ampla variedade de actividades deportivas, ambientais, de manualidades, xogos e musicais.

DESTINATARIOS

Poboación nova entre os 12 e 30 anos, que se atopa en Pontevedra durante a fin de semana.

ESPAZOS DE NOITES ABERTAS:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

COLEXIO FROEBEL: r/ Xeneral Martitegui, 3 (ao lado de Belas Artes)

CASA AZUL: r/ Sor Lucía, 2 (no casco vello fronte ao Santuario das Aparicións)

LOCAL DE MÚSICA: r/ Otero Pedraio s/n (Vialia, ao lado albergue peregrinos).

PAVILLÓN MULTIUSOS DA XUNQUEIRA: campus universitario da Xunqueira (de detrás da Escola de Idiomas).

PAVILLÓN MUNICIPAL DOS DEPORTES: r/ Xoan Manuel Pintos s/n.

CAMPO DE HERBA SINTÉTICA DA XUNQUEIRA: campus universitario da Xunqueira.

SENDEIRO DO RÍO GAFOS (Pontevedra-Tomeza).

SENDEIRO DO RÍO LÉREZ (Pontevedra-Bora).

PRAZA DA PEREGRINA


HORARIO

Entre as 20 e a 01 h. da madrugada, dependendo da xornada, agás a excursión de skate que terá lugar un sábado en horario diurno e as Domínicas, concertos no Local de Música determinados domingos a partir das 18h. .

AS ACTIVIDADES:

- Tendo en conta o índice de participación do ano anterior o custo do lecer de catro meses por participante sería de : **23,81 €** /participante.
- 50 actividades diferentes.
- 16 fins de semana.
- 33 Xornadas de actividades.


TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES	ACTIVIDADES
FÍSICO-DEPORTIVAS	Esgrima: 12, 26 marzo, 9,16, 23 abril Partidos Fútbol 7: 27 marzo, 17 abril, 22 maio. Partidos de fútbol sala: 6, 27 febreiro, 13, 20 marzo, 10 abril, 8 maio. 3x3 Baloncesto: 27 marzo, 17 abril e 22 maio. Tenis de mesa libre: 5,6,12,13, 19, 26 marzo, 9, 10, 16, 23, 30 abril, 7, 14, 15, 21, 28 maio Excursión á skatepraza de Bastigueiro (Oleiros): 8 maio Judo e defensa persoal: 7, 14, 21 e 28 de maio Break: 6,13, 20 marzo, 10, 17 abril e 8 maio
CULTURAIS	Graffacólitos: obradoiro de graffiti: 19,20, 26 e 27 marzo, 9,10,16 e 17 abril Djembé: obradoiro de percusión: 5, 12, 26 e 27 febreiro Exposición de fotografía Noites Abertas 2010: 7, 14, 16, 21 maio Jam da Chicharra: 29 de maio Ensaio ao vivo: 13 marzo, 17 abril Domínicas: música ao vivo: 28 febreiro, 14 marzo, 18 abril, 16 maio. Conferencias musicais: 6, 20 febreiro, 27 marzo Podcast (radio dixital): 6 marzo, 10 abril Ruta nocturna histórico-ambiental polo Lérez con chocolatada: 30 de abril Exhibicións de break: 27 marzo, 24 abril e 15 maio Ruta nocturna polo Gafos: observación de insectos : 24 abril Río de luces: papiroflexia e solta de barcos de papel con velas: 22 maio.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

FORMATIVAS	<p>Jump Cut: creación de vídeo dixital: 30 abril, 7, 14 e 21 maio. Cociña: 12 febreiro, 19 marzo, 9 abril, 30 abril, 7 maio Rock Master Class (iniciación): 24 abril, 15 e 22 maio Hatha loga: 5,20,26 febreiro, 5 marzo Bailes latinos: 5,12,19,26 marzo, 9,16 abril Masaxe Tailandesa: 5,6,20 febreiro, 5, 12, 13 marzo Pintura Plakatstil: 23 e 30 abril, 7, 14, 21,28 maio Masaxe sensitiva de pés: 27 de febreiro Fotografía: 20 febreiro, 6,13,20,27 marzo Costura: 5 febreiro, 12 marzo, 20 marzo Calceta e ganchillo (luvas, carteiras e broches): 27 febreiro, 6 e 13 marzo</p>
LÚDICAS	<p>Maquillaxes fantasía de Entroido: 6 febreiro Malabares: bólas, mazas, devil stick e cariocas: 6 e 27 febreiro, 6 e 13 marzo Globoflexia: decoración de festas: 26 febreiro Feltro: 20 e 27 febreiro, 12 marzo Coiro: 5, 12 febreiro, 5, 12, 19 marzo Obradoiro de disfraces: 12 febreiro Xogos de mesa: 14 e 28 maio. Bonecos de gomaescuma : 23 abril e 14 maio Carteiras de cómic: 30 abril e 21 maio Obradoiro de atrapasonos: 15 maio Pintado de camisetas: 15 maio Caixas e broches con serpentinas: 8 maio Bisutería: pulseiras, collares, aneis e pendentes: 6,13 marzo, 10 abril Fimo: pendentes, pulseiras, aneis, collares, chaveiros, pins: 6 febreiro, 26 marzo, 9 abril Obradoiro de gominolas: 10 abril, 15 maio</p>
ESPECIAIS E DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL	<p>Maquillaxe I: 17 abril. Maquillaxe II: 24 abril. Obradoiro de sexualidade: 23 abril. Risoterapia: 20 febreiro e 23 abril Sorteos: lotes libros, sudadeiras e camisetas: 27 feb. , 26 marzo, 30 abril, 21 maio</p>



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

**ASOCIACIÓN E ENTIDADES QUE PARTICIPAN EN NOITES ABERTAS 2010 E
COAS QUE SE PODE CONTACTAR A TRAVÉS DAS ACTIVIDADES:**

Club Deportivo CC. da Actividade Física e do Deporte: partidos de fútbol 7, partidos de fútbol sala, 3x3 baloncesto.

Asociación Sociocultural Inzar: masaxe sensitiva de pés, maquillaxe I e II, maquillaxes fantasía de Entroido.

Asociación Vaipolorío: Río de luces: papiroflexia e solta de barcos de papel no Gafos e Ruta nocturna polo Gafos: observación insectos.

Asoc. Nacional de Percusionistas OMAR: Djembé: obradoiro de percusión .

Asociación Amencer: xogos de mesa

Cine Club: Jump Cut: creación de vídeo dixital.

Club Deportivo Escola Hungaresa de Esgrima de Pontevedra: esgrima.

Comité Antisida CCANVIHAR: obradoiro de sexualidade

Pedro Cubela: masaxe tailandesa.

Etnoga: ruta nocturna histórico-ambiental polo Lérez con chocolatada.

Abrakadabra: obradoiro de disfraces, coiro, risoterapia, graffacólitos: obradoiro de graffiti, pintado de camisetas, caixas e broches con serpentinas, excursión de skate,

Anias Animación sociocultural: cociña, obradoiro de gominolas, pintura Plakatstil, bonecos de gomaescuma, carteiras de cómic, obradoiro de atrapasonos, bisutería, fimo, costura, calceta e ganchilla,

Oxigenodeporte y ciencia S.L: judo e defensa persoal, fotografía, break, hatha ioga, bailes latinos, malabares, globoflexia:decoración de festas, feltro.

Noites Abertas: Jam da Chicharra, tenis de mesa libre, sorteos agasallos Noites Abertas: libros, sudadeiras e camisetas.

Local de Música: Domínicas: música ao vivo, conferencias musicais, Podcast (radio dixital), ensaios ao vivo, Rock Master Class (iniciación), exposición fotografía Noites Abertas.

INFORMACIÓN:

www.noitesabertas.com

www.facebook.com/noitesabertas

www.myspace.com/noitesabertas

www.twitter.com/noitesabertas.com

Coordinación do programa Noites Abertas
Concellaría de Xuventude - Concello de Pontevedra
Casa Azul, rúa de Sor Lucía, 2, 3º 36002 Pontevedra
Tel. 986 840 367 Tel. fax 986 846 145 xuventude@concellopontevedra.es